



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Comparsa de Carnaval

Este ano vimos
un pouco cobardes
pra que non nos reñan
as autoridades.

Non traemos nada
que chame atención
que nos desfixeron
a combinación.

Xa caíu o goberno tirán
la la la la (que mal condición)
se os que estaban fixérono mal
os que veñan farano peor.

É caso de cavilar
o que di un refrán antigo
unha cousa é predicar
i outra cousiña é dar trigo.

- Esa era unha comparsa de Carnaval que viña a eiquí, antes do 36, eh. Entonces era cuando... viñan as comparsas tan alegres. Entonces aquel ano, como andaba algunha crítica da revolta, xa andaba a política e tal e cual... Naquel ano, o sea a ver se vos recordades, que foi no Carnaval, verdade? E o movemento foi estallar ao vrao. Pero xa andaba pica de eiquí, xa tiña que andar eso.
- Xa a tiñan preparada. Tíñana máis ben preparada.
- E entonce foi cuando cantaron esas cousas.
- (Risas) Esa prepararonlla ben.
- (...) O da Rúa é o da Rúa. A ver se me ven (...)

O primeiro atacado
dos tifus e da gripe
foi o reló da torre
que non quixo máis repique.

- E agora e cando entraba:

En caso de cavilar...

- E entraban todas estas cousas que eran da mesma música pero claro (...) Eso do reló da torre, que cantaban cando iban a Córgomo ao Carnaval.